

**Título:** A AULA LITERARIA. ANÁLISE CRÍTICA DE SEIS TEXTOS GALEGOS DO NOVECENTOS

**Nombre:** Castelao Mexuto, Manuel

**Universidad:** Universidad de A Coruña

**Departamento:** Gallego-portugués, francés y lingüística

**Fecha de lectura:** 24/02/2010

**Programa de doctorado:** LITERATURA E CONSTRUCIÓN DA IDENTIDADE NA GALIZA

**Dirección:**

> **Director:** María Pilar García Negro

**Tribunal:**

> **presidente:** Kathleen March

> **secretario:** Carme Fernández Pérez-Sanjulián

> **vocal:** Luís García Soto

> **vocal:** Carlos Manuel Cunha, da Ferreira

> **vocal:** Carlos Paulo Martínez Pereiro

**Descriptorios:**

> CRITICA DE TEXTOS

> SOCIOLOGIA DE LA LITERATURA

> TEORIA ANALISIS Y CRITICA LITERARIOS

**El fichero de tesis** no ha sido incorporado al sistema.

**Resumen:** A aula literaria. Análise crítica de seis textos galegos do Novecentos

"A aula literaria" ofrece unha análise e interpretación crítica de seis textos representativos da literatura galega do século XX: "Na noite estrelecida" (1926), de Ramón Cabanillas; "Arredor de si" (1930), de Ramón Otero Pedrayo; "De catro a catro" (1928), de Manuel-Antonio Pérez Sánchez; "Os eidos" (1955), de Uxío Novoneyra; "O incerto señor don Hamlet" (1958), de Álvaro Cunqueiro, e "Longa noite de pedra" (1962), de Celso Emilio Ferreiro.

1. Na nosa investigación, tomamos como modelo de análise "S/Z", de Roland Barthes, e como referencia hermenéutica a Estética de T.W. Adorno. Con certeza, tamén nos serve como ferramenta de lectura a bibliografía crítica sobre os textos, temas e autores tratados.

2. A aproximación a estes seis textos combina dúas perspectivas que raramente se dan xuntas:

-- Por unha parte, a atención minuciosa ao texto, seguindo liña a liña ou verso a verso a obra de que se trate, a practicar unha lectura no sentido máis preciso da palabra (unha esexese, se se quere). Esta lectura pode ser parcial (un fragmento da obra, a arrincar desde o inicio e a visitar despois outras partes ou capítulos, no caso de a visión que ofrece ese inicio non ter capacidade bastante para iluminar o conxunto) ou completa -é o caso de "De catro a catro" e "O incerto señor don Hamlet", onde se comenta a totalidade da obra, poema a poema,

escena a escena, por constituíren dous momentos privilexiados do diálogo entre literatura galega e modernidade e por non seren obras demasiado longas, podendo acomodarse a lectura dentro dos límites dunha tese de doutoramento.

-- Por outra parte, cada sección incorpora un punto de vista sobre o texto de que se trate con carácter ensaístico, menos pegado á superficie do mesmo, en que se abordan cuestións relevantes levantadas pola lectura das obras, mais que consideracións de lexibilidade aconsellan organizar á parte. Designo este bloque como "tópicos", no sentido de 'lugares comúns', por seren obxecto de repetida remisión no curso da lectura.

3. Ademais, varias das seccións que integran "A aula literaria" incorporan apéndices de carácter diverso, ben para propor aproximacións transversais, para elucidar conceptos utilizados ou para abordar cuestións relativas á interpretación global das obras que non cadrarían dentro do que antes chamei "tópicos".

4. Caracteriza o conxunto da tese un xogo de ida e volta entre a análise dos textos e a reflexión sobre o literario galego, dado que a lectura das obras é tamén unha pregunta sobre o lugar de Galiza e do suxeito nos textos abordados, a teor do programa de doutoramento en que se inscribe, "Literatura e construción da identidade na Galiza".

5. Ademais das seccións habituais nunha tese, completa o volume un elaborado índice analítico, a querer ofrecer ao virtual lector outra forma de percorrer os textos, de restituír a continuidade de moitas problemáticas, motivos literarios, nocións, conceptos críticos ou estéticos, relevantes para a análise realizada.

PALABRAS CHAVE: Literatura galega do século XX, Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, Manuel-Antonio Pérez Sánchez, Uxío Novoneyra, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Galiza/Galicia, literaturas minorizadas, literatura/sociedade, ensino da literatura, identidade, Modernidade.

## ENGLISH VERSION

The literary classroom. A critical analysis of six Galician Twentieth Century literary texts

"A aula literaria" ("The literary classroom") is an analysis and critical interpretation of six key texts of Twentieth Century Galician Literature: "Na noite estrelecida" (1926), by Ramón Cabanillas; "Arredor de si" (1930), by Ramón Otero Pedrayo; "De catro a catro" (1928), by Manuel-Antonio Pérez Sánchez; "Os eidos" (1955), by Uxío Novoneyra; "O incerto señor don Hamlet" (1958), by Álvaro Cunqueiro, and "Longa noite de pedra" (1962), by Celso Emilio Ferreiro.

1. In our research, we use "S/Z", by Roland Barthes, as the analytical model and the T.W. Adorno's Esthetic as the hermeneutical reference. Obviously, the bibliography on the studied authors, texts and themes also works as a tool for our reading.

2. The approach to these six texts combines two perspectives rarely seen together:

-- On the one hand, meticulous attention to text, following each line and verse of the work in question, exercising a reading in the most precise sense of the word (an exegesis, if you like). This reading can be executed in part (a fragment of the work, starting from the beginning and visiting other parts or chapters afterwards, if the vision offered by the commencement is not enough to illuminate the whole work) or complete -as in the case of "De catro a catro" and "O incerto señor don Hamlet", where the whole work is analyzed, poem by poem, scene by scene, because they represent two privileged moments of dialogue between Galician literature and Modernity. Being relatively short texts, it's possible to accommodate the reading within the limits of a thesis.

-- On the other hand, each chapter includes a view of the visited work in essay style, less related to mere

examination of the text, where relevant issues which arise in the reading are dealt with. These are better treated separately for reasons of legibility. We call these approaches "topics", in the pure sense of 'common places' (not clichés), for the amount of times they are referred to in the course of the reading.

3. What's more, various chapters in "The literary classroom" incorporate different types of appendixes, either for proposing transversal approaches, to elucidate the use of concepts or to deal with questions relative to the global interpretation of the works which wouldn't fit into the "topics" area.

4. The whole thesis is characterized by a game of coming and going between text analysis and reflections on Galician literature, due to the fact that the reading of the works is also a research into the role of the subject and Galicia in the studied texts, according to the followed doctorate programme, "Literature and identity building in Galicia".

5. Apart from the usual sections in a thesis, the volume contains an elaborate analytical index, wishing to offer the virtual reader another way of moving through the texts and restoring the continuity of a lot of questions, literary motives, ideas, aesthetic or critical concepts, relevant to the analysis undertaken.

Complete title: "The literary classroom. A critical analysis of six Galician Twentieth Century literary texts."

KEYWORDS: Twentieth Century Galician literature, Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, Manuel-Antonio Pérez Sánchez, Uxío Novoneyra, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Galiza/Galicia, minority literature, literature/society, teaching of literature, identity, Modernity.